



## INFORMACIÓN E NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

1. **Respectar e colaborar con compañeiros/as, persoal docente e non docente.**
2. **É obrigatorio ser puntual** na entrada ás clases. **O centro pechará a súa porta 10 minutos despois da hora de entrada e tralos recreos.** Só se facilitará o acceso con atraso xustificado. **Tres retrasos equivalen a unha falta sen xustificar.**
3. **Traer, diariamente, o material escolar necesario** para levar a cabo as actividades formativas, presentándoas dentro do prazo indicado e prestando atención durante as clases. En caso de ausencia xustificada, as actividades deben entregarse o día da súa incorporación.
4. **Gardas:** se o profesor da materia está ausente, **sempre hai que avisar ao profesor de garda.**
5. No caso de ausencia dun profesor a 1º hora da mañá ou da tarde, permitirase aos alumnos da ESO chegar a segunda hora, sempre que os discentes sexan avisados previamente polo profesor ausente ou por algún membro do equipo directivo. En caso de que os alumnos non asistan, os pais/nais ou tutores legais deben xustificar a falta por Abalar. Se acoden ao centro serán atendidos polo profesorado de garda.
6. Nos momentos de permanencia en corredores ou zonas comúns empregar unha actitude e un ton de comunicación que non altere as actividades do centro.
7. **Non está permitido subir no ascensor.** Se se precisa facelo por prescrición médica, hai que ter unha autorización especial que se solicitará na secretaría do centro.
8. Acudir ao centro en condicións hixiénicas axeitadas e empregar vestimenta que permita e facilite a realización das tarefas na aula segundo o establecido nas Normas de Organización e Funcionamento e nas Normas de convivencia.
9. **Recreos: os alumnos non poden saír do recinto do instituto.** Sempre hai profesorado de garda na hora dos recreos.
10. Coidar e empregar axeitadamente os recursos, mobiliario e instalacións do centro, deixando ordenado o material ao finalizar as actividades de traballo.
11. **Faltas de asistencia na ESO:** Sendo obrigatoria a asistencia a clase, lévase un control de asistencia e comunícase á familia diariamente, a través de **abalarMóbil**. De non ser posible, farase no correo electrónico aproximadamente cada quince días. Comunicar ao titor/a as faltas de asistencia previstas con antelación e, en caso de ausencia o alumno/a debe **xustificar a súa ausencia nos tres días seguintes** á súa reincorporación ó Centro.
  - **A ausencia a un exame** só se pode xustificar con **certificado médico ou deber inescusable.**
  - Se o alumno/a acumula máis de **un 10% do horario lectivo mensual** de faltas sen xustificar, abiráse-lle un parte de apercibimento que pode rematar na apertura dun expediente de absentismo

- e, chegado o caso, informárase ós servizos sociais.
- Tres retrasos equivalen a unha falta de asistencia.
- A consideración de faltas de asistencia como xustificadas ou non, compete exclusivamente ao profesor titor, independentemente da xustificación documental ou familiar que teña aportado o alumno.

12. **Fondo de libros do instituto:** Os libros de préstamo deberán ser devoltos ao remate do curso en perfecto estado: non poden estar escritos, os exercicios deben facerse nun caderno. No caso contrario, o centro resérvase o dereito a non admitilos, coa conseguinte penalización.

13. **Está prohibido:**

- **Comer e beber nas aulas, talleres, laboratorios e salas de actividades**
- **Fumar, consumir bebidas alcohólicas e substancias prohibidas en todo o recinto escolar.** (Lémbrese que recinto escolar é tamén o patio e as escaleiras da entrada).
- **Empregar teléfonos móbiles, cámaras de foto, aparatos de son, gravadoras, videoxogos,** etc., en todos os espazos do centro educativo, nomeadamente nas aulas, laboratorios e talleres **(incluídas as instalacións exteriores)**, salvo que o profesor indique o contrario nalgunha materia específica, e sempre baixo a supervisión do docente. Todo alumno ten a obriga de entregar inmediatamente calquera obxecto prohibido polas normas do centro, cando lle sexa requirido polo profesorado.

- O incumprimento de calquera destas normas levará consigo a sanción correspondente, tal e como se recolle nas NOF do centro e na nova lei de convivencia.
- Lembrade que hai un **Departamento de Orientación** para asesorarvos, tanto no proceso de aprendizaxe, como na elección do voso futuro académico e profesional.